

OFERTA PÚBLICA PERMANENTE DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL PROPIEDAD DE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

Pago flexible. (Parcelas anexol)

Admisión ofertas a baixa. (Parcelas anexoll)

➤ **OBXECTO**

Regular a venda de parcelas nas que se admiten formas flexibles de pago (Anexo I) ou ofertas a baixa (Anexo II). Ver parcelas incluídas.

➤ **PARA QUE?**

Facilitar o asentamento de novas empresas e converter a Galicia nun polo de atracción de novas industrias e xeración de emprego.

➤ **OFERTAS. PARA QUEN?**

Calquera persoa física ou xurídica.
Poderán presentarse ofertas individuais ou conxuntas (sempre que sexan lindeiras)

PARCELAS
Anexo I. Forma de pago flexible.
Anexo II. Pago flexible + oferta a baixa

➤ **CONDICIÓNS**

- ✓ Edificar e obter habilitación para a primeira actividade no prazo máximo de 3 anos.
- ✓ Compromiso de manter a actividade durante un mínimo de 10 anos dende a data de inicio da mesma.

»» PREZOS

- ✓ Prezo bonificado como prezos mínimos no caso das parcelas do Anexo I.
- ✓ Admisión de ofertas a baixa no caso das parcelas do Anexo II.

»» FORMALIZACIÓN DA COMPRA

- ✓ No prazo de 3 meses dende a notificación da adxudicación.

»» FIANZAS

- ✓ O 5% do importe da parcela sen bonificar.

»» CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- ✓ Sen prexuízo da natureza discrecional da adxudicación o Consello de Administración terá en conta entre outros, os seguintes criterios:
 - Emprego (cantidade/calidade).
 - Actividade e viabilidade do proxecto
 - Reforzo dun sector xa implantado que aporte valor á cadea
 - Fomento da ocupación do resto do parque empresarial

»» PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

- ✓ No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, situado no Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.
- ✓ En calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dirixido a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela.

No suposto de que se presenten as ofertas en lugares diferentes do rexistro da Xunta, deberá remitirse o mesmo día da presentación á Xerencia de Xestur, S.A. un correo electrónico á dirección xestur@xesturgalicia.com, indicando a presentación da oferta e o lugar da súa presentación.

» PROCEDEMENTO

- ✓ Unha vez recibida a oferta, Xestur, S.A. a publicará na páxina web.
- ✓ Durante o prazo de 15 días poderán presentarse ofertas distintas sobre a mesma parcela.
- ✓ Será o Consello de Administración de Xestur, S.A. o que decidirá discrecionalmente a adxudicación.

» QUÉ PASA COAS PARCELAS QUE NON SE ADXUDIQUEN?

- ✓ As parcelas que non se adxudiquen manteranse en oferta permanente ata a súa adxudicación (salvo que o Consello de Administración decida a retirada das mesmas).

MÁIS INFORMACIÓN:

Prego de bases na seguinte dirección Web: www.xesturgalicia.com